

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN DE ENFERMOS DE RIL (ALCER), PARA A COBERTURA DO SERVIZO DE TRASLADO DE PACIENTES AOS CENTROS DE HEMODIÁLISE NA PROVINCIA DE LUGO

Na data da sinatura dixital,

INTERVEÑEN

Dunha parte, Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, actuando en nome e representación do Servizo Galego de Saúde, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e no Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e de conformidade co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, María José Otero Díaz, con DNI 33320629-T actuando como presidenta da "Asociación para a Loita na Contra das Enfermidades Renais (ALCER), Lugo", con NIF G27015866.

Ambas con capacidade legal suficiente para formalizar este CONVENIO, e para o efecto

EXPOÑEN

A provincia de Lugo caracterízase pola gran dispersión residencial dos seus habitantes, con 67 concellos e 9.755 entidades de poboación, distribuídas nunha orografía, con frecuencia de difícil acceso. Este feito require, ocasionalmente, un tratamento socio-sanitario diferenciado do ofrecido por aquelas entidades provinciais con importantes concentracións humanas con maior capacidade, por iso, de facilitar a prestación dos servizos asistenciais de alta frecuentación.

O número de visitas de cada un das persoas, sometidas a tratamento de hemodiálise, ao centro asistencial estímase en 156/ano.

O Decreto 52/2015, do 5 de marzo, polo que se regula o transporte sanitario prevé no apartado primeiro do artigo 26 aqueles traslados que non teñen a consideración de prestación sanitaria obrigatoria, entre os que se atopa o traslado por asistencia continuada, que é o traslado de pacientes desde o seu domicilio a un centro asistencial ou á inversa, por motivos diagnósticos ou terapéuticos.

Así mesmo establece no seu apartado segundo que a planificación, organización e supervisión, así como os gastos ocasionados por estes traslados, poderán ser asumidos polo Servizo Galego de Saúde, sempre que concorran circunstancias que así o aconsellen e exista crédito orzamentario dispoñible.

A agrupación de persoas usuarias e pacientes na organización dos desprazamentos debe, sen dúbida, optimizar o seu desenvolvemento ao tempo que pretende acadar unha maior satisfacción das persoas usuarias. Neste senso a "Asociación para a Loita na Contra das Enfermidades Renais" (de agora en diante, ALCER), que ten como misión promover e coordinar a defensa dos dereitos das persoas con enfermidades renais e outras persoas con discapacidade cara a súa plena integración; desexa colaborar co Servizo Galego de Saúde na organización desta actividade.

Por todo o exposto, ambas partes acordaron en maio de 2012 subscribir un convenio de colaboración que foi renovado posteriormente e que se desenvolveu a satisfacción das dúas partes.

Polo exposto, non sendo posible promover a concorrència pública desta axuda e dadas as razóns de interese público existente nos traslados dos pacientes afectados por insuficiencia renal crónica por parte de ALCER, de acordo co previsto no artigo 26.2.a) da Lei de subvencións de Galicia, do 13 de xuño e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no que se regula a posibilidade de conceder subvencións de forma directa sempre que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública; ambas partes acordan formalizar este convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes:



ESTIPULACIÓNS

Primeira. Obxecto

O obxecto deste convenio é o de manter un procedemento que permita simplificar as prestacións por desprazamentos dos pacientes da provincia de Lugo afectados por insuficiencia renal crónica que reciben tratamento de hemodiálise nos diferentes centros distribuídos pola provincia, evitando o aboamento individualizado e centralizando a xestión en ALCER.

Dadas as especiais características das actividades a desenvolver e a complexidade que supón a organización e coordinación deste transporte e que ALCER e a única asociación que, nesta provincia, agrupa aos pacientes afectados por insuficiencia renal crónica para os que se dirixe este tipo de transporte en concreto, e dado o interese público destes servizos, de acordo co previsto no artigo 36.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrència pública.

Segunda. Requisitos

ALCER reúne os requisitos esixidos polo artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e deberá cumprir coas obrigas que o artigo 11 da dita Lei esixe aos beneficiarios da concesión das subvencións.

Para estes efectos, e de acordo co artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, atenderase especialmente as seguintes obrigas:

- obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Así mesmo, ALCER ten a obriga de subministrar ao Servizo Galego de Saúde a información necesaria para o cumprimento das obrigas de transparencia, sendo de aplicación o artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En aplicación do previsto no artigo 40.1. d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, acórdase a incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos



para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Terceira. Criterios para a incorporación de pacientes

A participación dos/das pacientes afectados/as por insuficiencia renal crónica a este programa de desprazamentos non será exclusivo das persoas asociadas de ALCER.

Os criterios para a incorporación de pacientes á organización dos desprazamentos que regula este convenio serán os seguintes:

- Os/as pacientes incorporaranse á asociación de forma voluntaria
- Os/as pacientes deben ter médico asignado coa tarxeta sanitaria na provincia de Lugo.
- Con carácter xeral, os/as pacientes que se incorporen a este sistema deben valerse por se mesmos e renunciarán á solicitude das prestacións por desprazamento mediante reintegro de gasto.
- A Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos autorizará esta prestación.
- Os/as pacientes en período de vacación, non terán dereito a dita prestación, e poderán solicitar o reintegro de gastos por desprazamento na súa Comunidade Autónoma.
- Os/as pacientes desprazados/as da nosa comunidade, non poderán xerar rutas novas, podendo ocupar os ocos que haxa nas rutas existentes trala autorización da Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos e, no caso de non habelos, solicitar o reintegro de gastos por desprazamento na súa provincia.

Cuarta. Xestión de rutas

ALCER será a encargada de establecer as rutas axeitadas para o desprazamento dos/as pacientes dende os seus domicilios ás clínicas de hemodiálise. As ditas rutas e as súas modificacións han de contar, en todo caso, coa conformidade previa da Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.

As altas de pacientes no sistema de desprazamentos será comunicada polo centro de diálise ou pola persoa doente á Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, a cal comunicará a autorización a ALCER por vía telemática.



A asignación dun/dunha paciente a unha ruta deberá levarse a cabo nun prazo de 24 a 48 horas dende que se lles informa e sempre cumprindo coa data de inicio da prestación que se detallou na folla de alta do servizo.

Nos casos de solicitude de cambio de quenda de diálise dun/dunha paciente por parte de ALCER motivado pola mellor xestión dos recursos, deberá ser consensuado coa persoa supervisora de diálise, que confirmará a posibilidade do cambio e será solicitado na Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos escrito no caso de discrepancia, onde valorarase dita autorización.

Igualmente, ALCER atenderá as reclamacións ou queixas dos usuarios, tanto as presentadas no Servizo Galego de Saúde como na propia asociación Alcer, informando de todas elas sempre á Dirección de Recursos Económicos da Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.

Quinta. Importe da subvención

O importe total da subvención concedida é de **687.431,00€**, para a anualidade 2026 con cargo á partida orzamentaria 2701- 412A- 480.5 da Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos do Servizo Galego de Saúde.

O importe indicado está destinado a financiar os desprazamentos dos/das pacientes dende o seu domicilio ata o centro de diálise que lles corresponda así como os desprazamentos de ata oito pacientes dende a zona norte da provincia ata os centros de diálise situados na cidade de Lugo.

Para os efectos deste convenio consideraranse gastos subvencionables os que se realicen dende o 16 de decembro de 2025 ata o 15 de decembro de 2026 e respondan a natureza da actividade subvencionada.

Segundo o artigo 65.4 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, ALCER queda exenta de constitución de garantía.

Os pagamentos correspondentes a esta subvención concedida realizaranse de conformidade co previsto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e aos artigos 60 e 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e farase efectiva do seguinte xeito:

a) De acordo co disposto no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, pódense realizar pagamentos fraccionados que corresponderan ao ritmo de execución das accións subvencionadas. O importe de cada pagamento fraccionado será o equivalente á contía xustificada. O importe total dos pagamentos fraccionados non poderá superar



o 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Mensualmente, dentro dos cinco primeiros días de cada mes, ALCER presentará facturas xustificantes dos gastos xerados por este convenio á Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos que procederá ao aboamento dos gastos xustificados, dentro dos límites indicados nesta estipulación.

b) O pagamento do 20% restante da subvención a ALCER farase sempre que esta xustifique, de acordo coa normativa aplicable, a realización do obxecto da subvención, o cumprimento das condicións e as súas finalidades.

Sexta. Xustificación de gastos

A xustificación de gastos unha vez realizado o obxecto deste convenio, deberá remitirse á Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos do Servizo Galego de Saúde, a correspondente conta xustificativa.

A conta deberá de incluír a declaración de actividades realizadas que foron financiadas coa subvención e o seu custo, coa desagregación de cada un dos gastos incorridos, e a súa presentación realizarase, ata o día 22 de decembro de 2026.

Sétima. Seguimento do convenio

A Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos comprobará a execución axeitada nos termos pactados polas partes asinantes e de acordo coa normativa de aplicación. Mensualmente ALCER remitiralle á Área Sanitaria informe do servizo prestados, incluíndo relación de pacientes de cada unha das rutas realizadas, centro e hora de recollida e chegada dos mesmos, así como, relación de altas e baixas de pacientes producidas nese mes.

O seguimento e as resolucións das incidencias que se poidan producir na aplicación deste convenio serán realizados por unha Comisión de Seguimento que contará con dous representantes da Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos do Servizo Galego de Saúde e outros dous de ALCER. Así mesmo, a petición de cada unha das partes, poden convocarse ás reunións da Comisión aquelas persoas que, de acordo co contido dos temas a tratar, se considere conveniente a súa asistencia.



Oitava. Prerrogativas da administración

O Servizo Galego de Saúde ostenta a prerrogativa da súa interpretación e resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento, sendo os acordos inmediatamente executivos.

Novena. Inexistencia de relación contractual

A subscrición deste convenio non comporta relación contractual ningunha do Servizo Galego de Saúde cos profesionais dependentes de ALCER que realicen as actividades que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán exixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

Décima. Natureza xurídica do convenio

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas ou no seu defecto, polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Décimo primeira. Infraccións e sancións

Respecto do réxime de infraccións e sancións estarase ao previsto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Décimo segunda. Vixencia

Este Convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 15 de decembro de 2026. Transcorrido o dito prazo o Convenio poderá ser prorrogado por períodos anuais, ata un máximo de tres anos, por acordo expreso entre as partes.

Décimo terceira. Causas de resolución

Sen prexuízo do previsto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, en relación ao reintegro das subvencións, son causas de resolución do convenio:

1. O incumprimento total ou parcial das súas estipulacións ou a alteración esencial do seu contido sen contar con autorización expresa do Servizo Galego de Saúde.

2. O mutuo acordo das partes.



3. A reorganización do transporte sanitario programado na Comunidade Autónoma de Galicia que afecte ao obxecto deste convenio.

4. O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga.

5. A declaración xudicial de nulidade do convenio.

6. Calquera outra medida normativa adoptada pola administración que afecte o obxecto deste convenio.

Décimo cuarta. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das partes para que a Administración Pública Autonómica Galega poida facer públicos os datos de carácter persoal, mailo resto de especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e á Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións

Décimo quinta. Obrigas en materia de protección de datos

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD) e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

1. Tratamento de datos persoais dos asinantes deste convenio

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a formalización e desenvolvemento deste convenio, sendo



imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, o número de DNI ou documento equivalente e a súa sinatura.

A base lexitimadora do tratamento destes datos persoais é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio suscrito.

As persoas asinantes manifiestan o seu consentimento para que poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto aqueles datos persoais, de entre os recollidos neste deste convenio, e mailo resto de especificacións nel contidas, que poidan resultar necesarios para o cumprimento da lexislación vixente en materia de información pública.

Respecto dos datos persoais sobre os que cada unha das partes ostente a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante estas o acceso, rectificación, supresión, así como outros dereitos a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPDI respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para o mantemento e cumprimento do convenio.

2. Deber de confidencialidade

As partes asinantes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos, datos e informacións que lle sexan confiados para a formalización e desenvolvemento do presente convenio. Así mesmo, quedan expresamente obrigados:

- A utilizar dita información exclusivamente no ámbito da relación obxecto de convenio e para os fins nel establecidos;
- A non comunicala, total ou parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos supostos previstos pola lei, requiríndose o mesmo compromiso do persoal ao seu servizo ou de quen colabore con eles no execución do convenio;



- A facilitar o acceso á información só ao persoal que a precise para o desenvolvemento da citada relación, ao que se lle comunicará a obriga de tratar a información á que teña acceso de xeito estritamente confidencial.

- A aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu

Considerarase información confidencial aquela á que as partes asinantes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase aínda despois de finalizada a relación que vincula ás partes.

En proba de conformidade con canto antecede, formalízase o convenio na data da última sinatura electrónica

O presidente do Servizo Galego de Saúde

A presidenta de ALCER

Antonio Gómez Caamaño

María José Otero Díaz

